

# REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE ARCOS, SOBRADA DE AGUIAR, SAN LOURENZO DE AGUIAR (OUTEIRO DE REI-LUGO)

## AVISO

### INVESTIGACIÓN DA PROPIEDAD

Acordada a reestruturación parcelaria para a zona de Arcos, Sobrada de Aguiar e San Lourenzo de Aguiar por decreto do Consello da Xunta de 25/03/2021 (DOG 8/04/2021), anúnciase o comezo dos traballos de investigación da propiedade nas datas que se indican ao remate deste anuncio.

Co fin de reunir os datos necesarios para establecer as bases de concentración, requírese ás persoas propietarias, rendeiras, parceiras e en xeral ás persoas que cultivan e titulares de calquera gravame, para que nas datas e prazos sinalados presenten ao persoal encargado dos traballos os documentos nos que fundamenten os seus dereitos.

Advírtese que as parcelas que non foran declaradas neste período serán consideradas como parcelas de "persoa descoñecida", dándoselles o destino que sinala na Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia e artigo 205 do Decreto 118/1973 polo que se aproba o texto da lei de reforma e desenvolvemento agrario.

Lugar, data e hora da declaración da propiedade:

PARROQUIA	LUGAR	DATAS
ARCOS	Local social de Arcos	20 de outubro-4 de novembro
SOBRADA DE AGUIAR	Local social de Sobrada de Aguiar	7 de novembro-25 de novembro
SAN LOURENZO DE AGUIAR	Local social de San Lourenzo de Aguiar	28 de novembro-16 de decembro

Horario: Luns, mércores e xoves de 9:00-14:00 e de 15:00-18:00

Martes de de 9:00-14:00 e de 15:00-17:00

Venres de 9:00-14:00



As persoas interesadas que non poidan acudir os días e horas establecidos ao lugar habilitado na zona, poderán acudir ás dependencias do Servizo de Infraestruturas Agrarias, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural, no Edificio Administrativo da Ronda Muralla núm. 70, baixo 1º Lugo, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 horas, previa cita telefónica no número 982294500.

Lugo, data da sinatura dixital

A xefa territorial, M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE LUGO

Ronda da Muralla 70, baixo 1

27071 Lugo

T.: 982 294 493

[infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal](mailto:infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal)

[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

